



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O GRUPO
COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIV
PREMIO INTERNACIONAL “GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA”,
RELACIONADO CON ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN, ESTUDO E
DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E UNIVERSITARIO**

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade, nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do
7 de setembro), en virtude da competencia atribuída polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de
febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, _____, secretaria executiva do Grupo Compostela
de Universidades, en virtude da competencia outorgada polo Comité Executivo do Grupo o 2
de febreiro de 2017.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este
acto,

MANIFESTAN

Primeiro

Que a Lei orgánica 1/1981, do 5 de abril (BOE do 28 de abril de 1981), que aproba o Estatuto
de autonomía de Galicia, establece, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade





Autónoma de Galicia na regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Segundo

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no ámbito das súas competencias, está interesada en potenciar o desenvolvemento de actividades relacionadas con estudos e investigacións, así como a orientación, promoción, difusión e información do Sistema Universitario de Galicia, que sexan desenvolvidas por entidades públicas ou privadas, tanto a nivel nacional como internacional, e especialmente europeo tendo en conta a relevancia e interese social das mesmas.

Terceiro

Que o Grupo Compostela de Universidades é unha asociación sen ánimo de lucro que integra a unha gran diversidade de universidades de toda Europa, nas que están incluídas as tres que conforman o Sistema Universitario de Galicia. A dita asociación ten por obxectivos primordiais:

1. O fortalecemento das canles de comunicación entre as universidades adscritas ao Grupo
2. A organización de programas e actividades que teñen por finalidade o estudo e debate en cuestións de índole europea
3. O fomento da mobilidade e o intercambio de información, como base para o coñecemento das diversas formas culturais

Cuarto

Ambas as dúas partes teñen a vontade de establecer vías de colaboración tendentes á elaboración e realización de actividades e programas específicos de interese común.



Quinto

Todas estas circunstancias motivan unha especial atención por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a colaborar co Grupo Compostela de Universidades na realización de actividades encamiñadas á internacionalización do Sistema Universitario de Galicia e ao recoñecemento da excelencia universitaria, e a tal efecto,

CONVEÑEN

Primeiro. Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio de colaboración establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Grupo Compostela de Universidades para a organización do XXIV Premio Internacional “Grupo Compostela – Xunta de Galicia” correspondente ao ano 2020. O dito premio está dedicado especialmente a valorar ás persoas ou institucións significadas polos seu traballo, estudos, investigación e divulgacións en prol da unidade europea ou a preservación do patrimonio cultural do noso continente.

Dado que o Grupo Compostela de Universidades é o único que pode desenvolver esta acción, non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública.

Segundo. Obrigas do Grupo Compostela de Universidades.

Son obrigas do Grupo Compostela de Universidades a organización do acto de entrega do Premio, o que inclúe tamén as reunións previas do xurado, así como dirixir, organizar ou participar en actos públicos como conferencias, foros, seminarios, cursos, ou similares que teñan por obxectivo a divulgación do Premio, usando para estes fins as súas instalacións, medios materiais e recursos humanos.

Terceiro. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Son obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade as seguintes accións:





- Formar parte do xurado encargado de estudar as candidaturas presentadas para a súa concorrencia no XXIV Premio Internacional “Grupo Compostela-Xunta de Galicia”, representada a través do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o secretario xeral de Universidades e o secretario xeral técnico.

- Financiar parte dos gastos correntes e de funcionamento necesarios para este fin. A dotación para o exercicio 2020 establécese en doce mil seiscientos dez euros (12.610,00 €).

Cuarto. Financiamento.

O custo destas accións ascende a dezasete mil setecentos trinta e nove euros con setenta e sete céntimos (17.739,77 €). A Consellería de Cultura, Educación e Universidade aportará a cantidade de doce mil seiscientos dez euros (12.610,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.422C.444.6, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Quinto. Pagamento e xustificación.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade efectuará o libramento das cantidades establecidas na cláusula cuarta do presente convenio, despois da presentación da certificación da secretaria do Grupo Compostela de Universidades, ou quen teña a delegación, que conteña unha relación dos gastos correntes e de funcionamento correspondentes a cada unha das actividades realizadas, xuntando á mencionada certificación os xustificantes dos gastos debidamente compulsados. No caso que o custo final fora inferior a 17.739,77 €, a achega da consellería diminuíriase proporcionalmente.

Así mesmo, para a materialización do referido libramento será necesaria a emisión dunha certificación favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación dos respectivos gastos. Ademais, os asinantes facilitarán toda a información que lle sexa requirida pola Intervención



Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexto. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Grupo Compostela de Universidades consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puideran facer os petitionarios no senso de non autorizar a obtención dos datos ou á publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e outras axudas públicas.

Así mesmo, estarase ao disposto nos artigos 4 e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a obriga específica de subministración de información e as obrigas específicas de información sobre convenios.

Sétimo. Natureza e réxime xurídicos.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. O seu réxime xurídico ven determinado pola súa normativa específica, de acordo cos artigos 4 e 6 apartado 2, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que o exclúe do ámbito de aplicación da lei, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que se susciten.





A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava.

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do dito convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir á consellería ningunha responsabilidade, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

Oitavo. Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, crearase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes.

As cuestións non resoltas no seo da comisión mixta de seguimento e control se resolverán na forma establecida pola xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo, a comisión mixta desenvolverá un marco de negociación de indicadores de seguimento e impacto desta acción que serán de aplicación nos convenios que se asinen en exercicios sucesivos.

Noveno. Causas de resolución do convenio.

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver este convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Décimo. Vixencia do convenio.

O presente convenio de colaboración manterá a súa vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o día 30 de novembro de 2020, no que deberán estar realizadas as actividades obxecto do presente convenio, agás que algunha das partes o denuncie, por escrito, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

A secretaria executiva do Grupo
Compostela de Universidades



Xacobeo 2021